

2º premio do 2º ciclo do concurso de Relatos de terror Samaín 2009

MENSAXES DO OUTRO MUNDO

Marcos estaba pensando en mercar unha casa. Un día, mirando os anuncios do xornal atopou un que dicía :” Vendo casa enmeigada.Prezo negociable . Teléfono 666267789.

Marcos chamou e negociou co vendedor o prezo da casa. Ofreceulla por un prezo moi baixo e Marcos aceptou a oferta sen pedir información .

Unhas semanas despois foi á súa nova casa disposto a quedar nela durante as vacacións. Cando pregunto na vila onde estaba a casa, dixéronlle.

- Vostede está tolo! Non vaia a esa casa!

Pero Marcos non lle fixo caso. Cando chegou viu unha vella mansión coas paredes tortas. A outra persoa daríanlle arrepío pero Marcos era valente e a súa valentía sería a súa perdición.

Cando entrou foi ver os cuartos e buscou un para el. Logo foi comer a un pequeno restaurante da vila. Cando volveu anoitecía, e foi para o seu cuarto. Era unha noite de lúa chea e os lobos ouveaban. Colleu un libro do estante e comezou a ler. Cando xa adormecía sentiu unha presenza no cuarto, pero non había ninguén. Ignorou ese sentimento e intentou durmir. Entón fixouse nun estante con libros que antes non vira. Eran libros moi antigos case todos de mitología. Colleu un ao azar. Caeron uns papeis que estaban entre as páxinas do libro. Eran notas que dicían como loitar contra seres fantásticos:vampiros, bruxas, lobishomes... Preguntouse para que quería alguénl esas notas. Entón lembrou o anuncio que había sobre a súa nova casa : “ Vendo casa enmeigada”. Seguro que o antigo dono deixara alí as notas adrede e todo se trataba dunha broma. Pasaron as horas mentras seguía mirando o libro e ao final adormeceu.

Cando espertou xa era mediodía.Foi xantar ao restaurante da vila e cando volveu para casa foi ao seu cuarto e viu unha mensaxe escrita con algo parecido ao sangue, na parede:

“Saíches atrevido. Incluso demasiado”

Comezou a preocuparse e a pensar que ao mellor a casa estaba enmeigada. Esa noite volveu notar a presenza da pantasmal. Tivo un pesadelo. Un exército de bruxas, vampiros, lobishomes e outros monstros perseguían polo medio dunha fraga.

Custáballe moito avanzar e os seus perseguidores estaban cada vez máis cerca. Alcanzárono..

Espertou suando. Aínda era moi cedo, pero non tiña sono. Foi á cociña e viu outra mensaxe :

“ O teu atrevemento está indo moi lonxe. Vaite de aquí e non volvas”

Marcos comezou a ter medo de verdade. Aquela noite sentiu a presenza pantasmal moi forte. Comezaron a moverse cousas e apareceu outra mensaxe:

“ A túa valentía acabouse. Vas morrer esta mesma noite”

Marcos fuxiu da casa. Estaba confuso e adentrouse na fraga. Seguían. Decatouse de que todo era igual que no seu pesadelo. Decatouse da utilidade das notas que había no libro..

Custáballe moito avanzar pero seguiu correndo. Atopou unha casa abandonada e entrou nela. Tapou as portas e as ventás como puido. A casa comezou a arder. Ardía moito máis rápido do normal

Marcos comezou a berrar. Non puido sair e morreu naquel incendio. Mentras, no salón da casa enmeigada aparecía, sen ningún motivo unha mensaxe:

“ Se non pisases o terreo desta casa, non che pasaría o que che pasou”

José Manuel Suárez García

3º A